

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA E REDES DE TELECOMUNICACIÓN GALEGAS RETEGAL, S.A. PARA A XESTIÓN E DESENVOLVEMENTO DE TAREFAS VINCULADAS AO PROXECTO LIFETEC**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

D. José Luis Somoza Digón, Xerente da Axencia Galega para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, **DECLARA:**

Que a Axencia Galega para a Modernización Tecnolóxica de Galicia ten previsto formalizar coa Sociedade Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, SA o instrumento convencional arriba referido por un período de duración ata o 30/09/2020 dende a data da súa sinatura.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer ao marco de colaboración entre AMTEGA e RETEGAL para a coordinación e desenvolvemento das actuacións do LIFE Agreement asinado por todas as partes.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional fundaméntase, por unha parte en que lle corresponden á Amtega, segundo o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus Estatutos, as competencias para o impulso, asesoramento técnico e apoio en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións e a súa aplicación para a modernización, innovación e desenvolvemento tecnolóxico de Galicia.



Pola outra parte, A Sociedade Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, SA, (Retegal) foi creada mediante o Decreto 58/1997, do 20 de febreiro e queda adscrita, de conformidade co Decreto 252/2011, do 15 de decembro, á Amtega, a través da Área de Infraestruturas e Telecomunicacións. Retegal é unha sociedade mercantil pública autonómica, pertencente ao sector público autonómico da Xunta de Galicia, que ten por obxecto, con carácter xeral, a realización, por si ou a través de terceiros, da xestión e mantemento das infraestruturas, sistemas e servizos de telecomunicación institucionais en Galicia.

De conformidade co artigo 7 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, as relacións entre os órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades instrumentais que integran o sector público autonómico están suxeitas aos principios de cooperación, colaboración e asistencia recíprocas co fin de garantir a eficacia do sector público e o uso eficiente dos recursos públicos.

Entre os mecanismos para facer efectivos os amentados principios, a Lei 14/2013 sitúa aos denominados acordos de colaboración ou cooperación entre entidades do sector público autonómico para o desempeño conxunto de tarefas comúns. En particular, o artigo 14 precisa que a colaboración ou cooperación consistirá na participación conxunta e efectiva no desenvolvemento da actividade común, mediante achegas de traballos de organización, medios persoais e materiais ou recursos financeiros para a finalidade compartida, de acordo coas respectivas competencias, sendo compatible coa compensación dos custos reais en que unha das partes incorrese.

En atención as características do proxecto e á propia experiencia de Retegal, esta entidade conta con un persoal/medios especializados que aconsellan unha maior intervención desta entidade no desenvolvemento das tarefas asignadas á Amtega.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o carácter oneroso das actuacións obxecto do convenio, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela,

